

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

25 de outubro de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8274.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/N1mq5VMIAQ36lgnioQt1FOxBMqd8WfnFPYrZ8IgoCdWBSkVM>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 27 de setembro.

a) Parte resolutiva:

2.8275.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE A FAVOR DA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES ÍNTEGRAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (EXPTES. 2024062792-2024052917)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/igPU7gR6iU8hqRuzqubkUSTjhGzPqQlbg9yaL0Jk8K2LRLIY>

O Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade na sesión que tivo lugar o día 2 de agosto de 2024, acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra–ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a



súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Xestión de Recursos Públicos, Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores, Servizo de Recadación, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra–ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Cerdedo–Cotobade das facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 2 de agosto de 2024, nos termos reflectidos no referido acordo.

SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Cerdedo-Cotobade do contido íntegro deste acordo.

CUARTO.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



3.8276.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA PROVINCIAL XERAL DE SUBVENCIONS (EXPTES. 2024067983-2024065850)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/cgxcgxMJmGW1uFoJelZrAeEXRfPkr5B2RJYeymJHvxhGRdd1>

Dada conta que a normativa reguladora para a concesión de subvencións tanto a nivel estatal (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei) como autonómico (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia) non establecen o momento en que debe apreciarse a concorrencia dos presupostos de prohibición para ser beneficiario dunha subvención, nin sobre o carácter subsanable ou insubsanable diso.

En concreto, establécese no art. 14.1,e) da Lei 38/2003, como obriga do beneficiario, “acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social...” e no art. 22.2,b) do Real Decreto 887/2006 establécese a posibilidade de achegar posteriormente, unha vez sexa expedido polo órgano correspondente, o certificado de acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Polo contrario, na nosa Ordenanza provincial xeral de subvencións do ano 2016 (BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016) establece a maiores, no seu art. 10.2 e), ó referirse ós requisitos para obter a condición de beneficiario determina que “ademais de dar cumprimento ás obrigas tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, será necesario tamén dar cumprimento ás obrigas de calquera clase coa Deputación, na data da publicación da convocatoria, no suposto de subvencións en concorrencia, ou no momento de presentar a solicitude no rexistro, no caso de concesión directa”.

Resultando que a confusa redacción de dito precepto, non queda claro se dito prazo engloba a todas as obrigas ou só ás da Deputación, polo que a fin de evitar interpretacións diversas, é convinte fixar expresamente o prazo para a acreditación do cumprimento das obrigas establecidas e alienalo co momento establecido na normativa básica en materia de subvencións. A título de



exemplo, en idéntico sentido pronúncianse ordenanzas de diversas entidades locais (Ordenanza do Concello de Madrid, Ordenanza do Concello da Coruña, entre outras).

Resultando que o Secretario e o Interventor emiten informes con data 2 e 4 de outubro, respectivamente.

Considerando que o procedemento para a aprobación da modificación das ordenanzas está establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, requiríndose para iso a súa aprobación por maioría simple do Pleno da Corporación.

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 10.2 da Ordenanza provincial xeral de subvencións desta Deputación, establecendo a seguinte redacción:

“2. Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.”

Segundo.- No caso de que durante a información pública e audiencia aos interesados non se presentara reclamación ou suxestión algunha, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

4.8277.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2024 (EXPTES. 2024068005-2024062371)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/IAqsiBUnwAjPHZegtO8QY1HLDAAsOSphDnPaK8xt7Ts9fLZT>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2024005761, de data 10 de xullo de 2024, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2024. Este expediente



inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/24) por importe de 217.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.05/24) por importe de 1.826.214,92 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 05/24), fináncianse na súa totalidade con “Baixas por anulación” por importe de 217.000,00 euros con cargo a distintas aplicacións dos Centros Xestores que os solicitan, cuxos créditos son reducibles sen minorar os respectivos servizos.
- Os suplementos de créditos (SUP. 05/24), fináncianse con “Baixas por anulación” por un importe total de 1.194.824,63 euros e o resto 631.390,29 euros, con maiores ingresos sobre o orzamento inicial a recibir nas entregas a conta da P.I.E. 2024.

Resultando que a Intervención emite informe de data 15 de outubro de 2024, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2024.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2024 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios



(EXT.05/24) por importe de 217.000,00 euros e suplementos de créditos (SUP.05/24) por importe de 1.826.214,92 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 05/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-3361-690.01	INVESTIMENTOS XEST. PARA COMUNIDADES, EN TERREOS COMUNAL_TURISMO (Excav. Consolidación estruturas xacementos de Coto de Altamira ou castro de Taboexa, As Neves)	110.000,00 €
433-4320-762,26	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO CO CONCELLO DE LALÍN_TURISMO, (Aldeas de Nadal)	60.000,00 €
457-3370-622,01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, A LANZADA _ARQUITECTURA (Construción dun novo almacén no Centro Vacacional)	7.000,00 €
942-9420-652.99	INVESTIMENTOS XES. CONCELLOS CONCELLOS_COOPERACIÓN (PROX. UE E NEXT, presentación de candidaturas a convocatorias de proxectos)	40.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	217.000,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 05/24:

Os proxectos de investimentos do expediente fináncianse con baixas por anulación con cargo a distintas aplicacións dos Centros Xestores que os solicitan, cuxos créditos son reducibles sen minorar os respectivos servizos.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-3360-622.00/2023	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, CASTELOS_TURISMO	-110.000,00 €
433-4320-226,20	GASTOS DE PROMOCIÓN_TURISMO	-60.000,00 €
457-3370-631,01	INV. DE REPOSICIÓN EN TERREOS E B. NATURAIS (A LANZADA) _ ARQUITECTURA	-7.000,00 €
942-9420-762,99	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANC. CON FONDOS EUROPEOS _ COOPERACIÓN	-40.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-217.000,00 €



2. Suplementos de Crédito “SUP. 05/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2425-120,51	Soldo func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	30.700,00 €
240-2425-120,52	Trienios func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	4.000,00 €
240-2425-120,53	Paga extra func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	6.000,00 €
240-2425-120,90	O. Retribucións, Melloras, I.T., _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	500,00 €
240-2425-121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	20.000,00 €
240-2425-121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	20.000,00 €
240-2425-160,00	Seguridade Social, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	8.000,00 €
240-2425-224,03	Primas de seguros, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	25.000,00 €
240-2425-226,02	Publicidade e propaganda, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	2.000,00 €
240-2425-226,99	Outros gastos diversos, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	40.000,00 €
240-2425-227,06	Estudios e traballos técnicos, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	800,00 €
240-2425-230,20	Axudas de custo, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	2.000,00 €
240-2425-231,20	Locomoción, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	1.000,00 €
240-4315-120,51	Soldo func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	30.000,00 €
240-4315-120,52	Trienios func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.500,00 €
240-4315-120,53	Paga extra func. interinos sen praza, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	4.000,00 €
240-4315-120,90	O. Retribucións, Melloras, I.T., _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	500,00 €
240-4315-121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
240-4315-121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
240-4315-160,00	Seguridade Social, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	14.000,00 €
250-2315-480.01	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES _IGUALDADE (Asoc. desenvolvemento Galicia Suroeste)	6.000,00 €



	Eurural "Produción e realización audiovisual para campaña 2024 do IV Foro da Muller Rural Galega")	
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAI CULTURA (5 subv. nominativas)	14.000,00 €
330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAI CULTURA (2 subv. nominativas)	160.000,00 €
340-3410-489,02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS DEPORTES (A Fundación para o Desenvolvemento Humano e Social de Galicia, "IX Congreso Iberoamericano de Psicoloxía do Deporte")	5.000,00 €
410-4190-489,01	OUTRAS TRANSFERENCIAS MEDIO AMBIENTE (Achega a Asociación Galega Rubia do País, "I edición da feira de gando")	3.000,00 €
410-4195-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS MEDIO AMBIENTE (2400006 - +Rías. A importancia da sustentabilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor da economía azul na contorna de Rede)	23.402,49 €
457-4500-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS NO PATRIMONIO ARQUITECTURA	76.000,00 €
942-9420-762,14	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO VIGO-PONTEVEDRA COOPERACIÓN (Convenio C. Pontevedra: Execución do Vial de conexión entre a Avenida de Marín e a Rúa Rosalía de Castro)	938.824,63 €
942-9420-762,75	A CONCELLOS, PROGRAMAS REACPOM COOPERACIÓN [REACPOM_00988 SOUTOMAIOR, "Humanización da praza de Cimadevila a rúa Rosalía de Castro, Arcade. Camiño de Santiago Tramo 1", en cumprimento da sentenza núm. 00243/2024 de 02/07/2024 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia."]	349.730,80 €
942-9432-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS COOPERACIÓN. (2400004 - 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos)	10.257,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	1.826.214,92 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 05/24:

A) As subvencións culturais e deportivas fináncianse con baixas por anulación con cargo a distintas aplicacións dos Centros Xestores que os solicitan; as melloras no patrimonio solicitada por Arquitectura, con sobrantes dos investimentos no proxecto de recuperación da zona do Parque de Maquinarias



e os convenios de investimentos no concello de Pontevedra, finánciase con sobrantes ou baixas correspondentes a actuacións de convenios de exercicios anteriores que a continuación se citan.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
250-2315-453.94	CONVENIOS CON UNIVERSIDADES_IGUALDADE	-6.000,00 €
330-3340-226,09	GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES - CULTURA	-174.000,00 €
457-1709-651,09/2021	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA COSTAS, RECUPERACIÓN ZONA PARQUE MAQUINARIA (PROX. 92110003)	-76.000,00 €
942-9420-762,14/2020	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA - COOPERACIÓN (Conv. Concello de Pontevedra)	-264.964,58 €
942-9420-762,14/2021	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA - COOPERACIÓN (Conv. Concello de Pontevedra)	-673.860,05 €
	Total Baixas por Anulacións...	-1.194.824,63 €

B) O resto do Suplemento de Créditos finánciase con maiores ingresos a recibir nas entregas a conta da P.I.E. 2024.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,10	FONDO COMPLEMENTARIO DE FINANCIACIÓN (F.C.F.) INCREMENTO ENTREGAS A CONTA P.I.E. 2024	631.390,29 €
	TOTAL...	631.390,29 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	1.826.214,92 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	217.000,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-1.411.824,63 €
SUMA...	631.390,29 €



O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 1º Gastos de persoal.	169.200,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	-129.540,51 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	182.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	40.000,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	369.730,80 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	631.390,29 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	631.390,29 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

330- CULTURA			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
24/330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAI	999.500,00 €	
G-15.110.893	Federación Galega de Bandas de Música Populares	5.000,00 €	XVII Certame galego de bandas de música
G-44660660	Asoc. Cultural Fonte do Retrotouro de Celeiros	2.000,00 €	Festival Carballeira Dance
G-27847839	Asoc. Premios da Crítica de Galicia	2.000,00 €	Premios da Crítica
G-36688422	Orquestra Clásica de Vigo	5.000,00 €	IV Festival de órgano de Vigo
24/330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAI	215.000,00 €	
V-10730042	Rondallas Movie A.I.E.	60.000,00 €	Produción película "Rondallas"
V-70935333	Punto Nemo La Serie A.I.E.	100.000,00 €	Produción serie Punto Nemo
250 - IGUALDADE			



APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
24/250.2315.480.01	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES _IGUALDADE	260.000,00 €	
G36889780	Asociación desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural	6.000,00 €	Producción e realización audiovisual para campaña 2024 do IV Foro da Muller Rural Galega
340- DEPORTES			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
24/340.3410.489.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS	1.090.500,00 €	
G36238293	Fundación para o Desenvolvemento Humano e Social de Galicia	5.000,00 €	IX Congreso Iberoamericano de Psicoloxía do Deporte
410- MEDIO AMBIENTE			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
24/410.4190.489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, VARIAS _ MEDIO AMBIENTE	70.000,00 €	
G75325498	Asociación Gandeira Rubia Galega do País	3.000,00 €	XIII edición da feira de gando

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 05/2024 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/24) por importe de 217.000,00 euros e suplementos de créditos (SUP.05/24) por importe de 1.826.214,92 euros máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e



posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

5.8278.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2024 DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA (EXPTES. 2024068011-2024067184)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/0hpXO4IC2ItTXZhi5jIOJzFvjfCJsXUvIO4YBuSXtYoabWgj>

Desde a dirección da Escola Universitaria de Enfermería púxose de manifesto ante o Padroado a necesidade de acometer a adquisición dunha sonda de ecografía para a aprendizaxe do alumnado en técnicas de canalización vascular, sobre todo para enfermos de difícil acceso, cifrando o importe de adquisición en 10.079,30 euros.

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencia que asume así mesmo as atribucións da Presidencia na Escola de Enfermería elabora unha memoria-proposta ó Padroado da Escola Universitaria de Enfermería para que aprobe un expediente de suplemento de crédito por importe de 10.079,30 euros, para dotar de crédito suficiente á aplicación orzamentaria 24/831.3261.629.00 (Outras inversións novas), con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Resultando que o Padroado da Escola Universitaria de Enfermería na reunión que tivo lugar o día 9 de outubro de 2024, adoptou o acordo de aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2024. Este expediente inclúe o incremento do crédito na aplicación 24/831.3261.629.00 (Outras inversións novas) en 10.079,30 euros, para afrontar o gastos de adquisición dunha sonda de ecografía.



Resultando que a Intervención emite informe de data 10 de outubro de 2024, no que indica que este expediente de suplemento de crédito número 1/2024 da Escola Universitaria de Enfermería cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian, remanente líquido de tesourería para gastos xerais, respectando o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como nas bases de execución do vixente orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2024 da Escola Universitaria de Enfermería.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2024 da Escola Universitaria de Enfermería, por importe global de dez mil setenta e nove euros con trinta céntimos (10.079,30 €), que se financia con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e de acordo co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Importe incremento	Financiamento/Aplicación
24/831.3261.629.00 (Outras inversión novas)	10.079,30 €	Remanente Líquido Tesourería 831.870.02

Segundo: Este expediente de suplemento de crédito número 1/2024 da Escola Universitaria de Enfermería, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

De acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, durante o prazo de exposición pública, publicaranse na páxina web “www.depo.gal”, a través do enlace correspondente a documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e->



[patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica](#) as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de suplemento de crédito número 1/2024 da Escola Universitaria de Enfermería.

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito número 1/2024 da Escola Universitaria de Enfermería, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

6.8279.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DE PISCINA MUNICIPAL CON EDIFICACIÓN DE APOIO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2023030690-2024069246)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/hYo9oCQxtY4su3dZKRc4ZfqsjmXL6GLjgIrAaRujRyTm0Ri9>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao



Concello de Agolada con destino á execución da actuación denominada “Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio”, ao abeiro do Programa PON2030.

O orzamento do investimento ascendía a 542.950,95€ e a subvención concedida a 434.360,76€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 108.590,19€.

- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023006976 de 15/09/2023 (corrixida mediante a RP2023007567 de 09/10/2023) aprobouse o correspondente convenio de colaboración, o cal se asinou o 13/12/2023, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Mediante o acordo núm. 2.33147 de 10/11/2023, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1- Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención ao Concello por importe de 108.590,19€, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal da citada actuación (expte. 2023060030).
- Na data 26/01/2024 o Concello adxudica o contrato das obras para realizar o investimento por un importe de 542.950,95 €, polo que non resulta baixa algunha de adxudicación. Na data 05/02/2024 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 13/09/2024, o Concello de Agolada presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024057924) un proxecto modificado (emendado nas datas 02/10/2024 (núm. Rexistro WEB2024061652) e 04/10/2024 (núm. Rexistro WEB2024062278)), a Resolución de aprobación do expediente de modificación do contrato de obras e da modificación do proxecto e a formalización da modificación contractual. Segundo se recolle na memoria descritiva do proxecto, as modificacións son debidas a retrasos non asumibles (ante a necesidade de poder executar en prazo as obras) no subministro dos elementos estruturais prefabricados de formigón para o levantamento da estrutura da edificación de apoio, polo que decídese prescindir deles, redefínilla e executala “in situ”. Os cambios introducidos no proxecto non modifican



o importe total do orzamento da actuación.

- Os técnicos facultativos do Servizo de Cooperación emiten informes de supervisión do proxecto nas datas 04/10/2024 (J35EFKYYYH128AZBN) e 08/10/2024 (EI9PGVVZOBZZ1PJE).
- O proxecto foi examinado pola Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 na sesión de data 08/10/2024, na que *“tendo en conta que os cambios introducidos non cambian os aspectos que poidan afectar á eficiencia enerxética do edificio, os aspectos técnicos, os obxectivos propostos da Axenda 2030 nin as políticas panca consideradas no proxecto orixinal, conclúese que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e pódese continuar coa tramitación do expediente”*.
- O día 09/10/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 4JIBUFUA2BNP8O6N).
- Na data 14/10/2024 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: TKX51S2NTEW8A1MR).
- O día 14/10/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: HNZLFO6OXI46A7S7)
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 18/10/2024 (CSV: NGUUTRLXUZAGJ9OY).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Agolada para a execución da actuación denominada “Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47^a e 48^a de execución do vixente orzamento provincial, sobre o



control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano



competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto modificado presentado polo Concello de Agolada para a execución da actuación denominada “Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio” non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución das obras.

O importe total do orzamento do proxecto modificado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030, reunida na sesión de data 08/10/2024, pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración nin a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto técnico modificado da actuación “Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio” presentado polo Concello de Agolada ao abeiro do Programa PON2030, sen variación do importe total do orzamento inicial.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Agolada, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8280.- **APROBACIÓN DA AXENDA URBANA E RURAL DA PROVINCIA, AUPO 2030 (EXPTES. 2024068095-2024069248)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/YEW1WofRkX2QQotbAbqJpB11osYBALzOvsr9xvHcD4xMVk5i>

Vista a proposta de ditame á Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital do día 15 de outubro de 2024, da Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios, para a aprobación da Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra, AUPO 2030, cuxo texto di como segue:

“ANTECEDENTES DE FEITO

A Axenda Urbana Española, tomada en consideración polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019, é a folla de roteiro que vai marcar a estratexia e as accións para levar a cabo ata 2030, para facer dos nosos pobos e cidades ámbitos de convivencia amables, acolledores, saudables e concienciados. Esta elabórase para cumprir os compromisos adquiridos por España en varios acordos internacionais: a Axenda para o Desenvolvemento Sostible 2030, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.

Esta Axenda é unha política nacional urbana que incide no territorial e no urbano cunha visión global, integrada e continuada no tempo. Tamén é unha política panca con capacidade de acelerar a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e, en particular, o ODS 11 sobre cidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes. E, por último, é ademais unha guía metodolóxica para que todos os actores, públicos ou privados que interveñen



nas cidades, e especialmente as Administracións Locais, poidan elaborar os seus propios plans de acción e implementación.

O principal beneficio que achega a Axenda é a capacidade de ordenar a toma de decisións cunha visión estratéxica de maneira que todas elas sexan coherentes, sistemáticas, integradas e baseadas na coordinación e cooperación de todas as áreas das Entidades Locais, e co resto das administracións e axentes involucrados. Trátase de contar con estratexias globais que teñan en conta factores sociais, económicos, territoriais e ambientais, baixo o prisma da sustentabilidade.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Protocolo Xeral de actuación entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Deputación de Pontevedra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO.- No marco do período de programación de fondos 2021-2027 existiu unha negociación a nivel estatal e no seo da UE para que se teña en conta a existencia dos Plans de Acción da Axenda Urbana nas posibles novas convocatorias. Trátase de ir orientando as Estratexias de Desenvolvemento Sostible e Integrado a documentos verdadeiramente estratéxicos e non xerados “ad hoc” para acudir a unha concreta convocatoria. Iso redonda nunha maior eficacia na xestión dos proxectos que conformen aquel Plan de Acción e nunha verdadeira implicación local nos mesmos.

SEGUNDO.- Neste sentido apóstase pola elaboración dun Plan de Acción da Axenda Urbana e Rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) asinando o 7 de setembro de 2022 o Protocolo xeral de actuación entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Deputación de Pontevedra. Devandito Protocolo sinala na cláusula primeira relativa ao obxecto que “(...) La Diputación de Pontevedra comparte los objetivos y finalidades propuestos en la Agenda Urbana y en el resto de Acuerdos Internacionales que la preceden (...)” e que decidiu “(...) elaborar para sus municipios un Plan de acción de la Agenda Urbana que, teniendo como base los



objetivos definidos en su marco estratégico, responda a la consecución de aquellos con una visión coherente e integrada y que aplique la metodología propuesta por la propia Agenda”.

O obxectivo que pretende a Deputación de Pontevedra é deseñar, como se comentou anteriormente, ese modelo de desenvolvemento urbano e rural para ser unha provincia máis sostible, resiliente, inclusiva e segura. Á vez que mellora a planificación territorial de forma transversal, os instrumentos de xestión desta e, por outro lado, intensifica as accións de aliñamento coa Axenda 2030 no conxunto do territorio provincial.

Por tanto, este Plan de Acción será a guía para o conxunto de políticas urbanas na Deputación de Pontevedra a través de plans, proxectos ou cambios normativos que resulten necesarios par alcanzar os obxectivos que se propoñen. E, a súa vez, está concibido coma un instrumento útil, rigoroso e participativo que determinará o marco de diálogo e a folla de roteiro a seguir cos municipios desta provincia, de forma especial cos municipios de menos de 20.000 habitantes (por ser os que teñen menos medios e recursos para iso), que supoñen máis do 80% do total dos 61 municipios que integran a provincia, para que alcancen a resiliencia necesaria e poidan adaptarse aos grandes retos de futuro e garantir a súa sustentabilidade.

TERCEIRO.- Para a execución do citado Plan, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). O dito contrato foi adxudicado o 3 de febreiro de 2023 e formalizado en documento administrativo o 7 de marzo de 2023 (nº de expediente: 2022066946), estando xa executados todos os traballos.

En consecuencia, dada a importancia de que a provincia conte cunha Axenda pola necesidade de dispoñer de documentos estratéxicos de desenvolvemento sostible e integrado, especialmente para acudir a novas convocatorias de financiación, procede a aprobación da Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra, AUPO2030 co Código Seguro de Verificación (CSV): 20597JYSBAULY07V.”



Vista a dilixencia de intervención en relación ao informe da Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios (CSV: 2X1S3DL5AF61JI4P) de data 15 de outubro do 2024 e dilixencia (CSV: B3HOQ6ALN407PS3W) da mesma data, relativos á aprobación da AXENDA URBANA E RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (AUPO2030).

En base ao anterior, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade aprobar a Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra, AUPO 2030 co Código Seguro de Verificación (CSV): 20597JYSBAULY07V.

8.8281.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE DE DIVERSOS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL EP-7102 SERRAPIO-A PORTELA (EXPTE. 2022075966)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/HSqMCLk67v8eXe2fnoO21XrnWTLaQs5qDysVmCYTmm9Xe8C5>

Antecedentes.

O Concello de Cerdedo-Cotobade e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 1 de marzo de 2023 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio–Portela, PQ 1+950 ao PQ 3+150”.

Conforme á súa cláusula quinta 2) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos antigos:

- Treito antigo de 138 metros lineais situado no p.q. 1+250 (marxe dereita) da estrada provincial EP-7102 Serrapio–A Portela.
- Treito antigo de 125 metros lineais situado no p.q. 1+800 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-7102 Serrapio–A Portela.

O 30 de agosto de 2024 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do



Concello de Silleda dos anteditos treitos antigos da estrada provincial EP-7102 Serrapio–A Portela.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, e 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en DOUSCENTOS SETENTA E TRES MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO Euros (273.958,00 €) e móntanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“Os referidos treitos antigos da EP-7102 Serrapio–A Portela nos PQ 1+250 (marxe dereita) e PQ 1+800 (marxe esquerda) están desvinculados da traza principal das estradas provinciais logo do cambio de trazado, polo que non forman parte do itinerario principal desta estrada e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elementos funcionais das mesmas, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

As propostas de cambio de titularidade destes treitos antigos non implican a interrupción do itinerario do que forma parte, polo que se dá cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Cerdedo-Cotobade poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de carácter e



funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre os mesmos para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.



Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Ambos informes foron emitidos favorablemente en data 1 e 4 de outubro de 2024 respectivamente.

Polo que antecede e visto o ditame da Comisión Informativa Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade dos seguintes treitos antigos:

- Treito antigo de 138 metros lineais situado no p.q. 1+250 (marxe dereita) da estrada provincial EP-7102 Serrapio–A Portela.
- Treito antigo de 125 metros lineais situado no p.q. 1+800 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-7102 Serrapio–A Portela.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto no artigo 9.5 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

9.8282.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE SILLEDA DA ESTRADA PROVINCIAL EP-6517 RÚA DE SILLEDA (EXPTE. 2022073086)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/CIzj9PVAk6Qsd6LJfgcc4qq26ec2Mv6oVvHX4jtPa1yXYWec>

Antecedentes.

O Concello de Silleda e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 13 de marzo de 2023 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro–Silleda, dende o PQ 21+070 ao PQ 22+444”.



Conforme á súa cláusula quinta 3) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello da estrada provincial EP-6517 Rúa de Silleda.

O 30 de agosto de 2024 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Silleda da estrada provincial EP-6517 Rúa de Silleda.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en OITOCENTOS SETE MIL CINCOCENTOS Euros (807.500,00 €) e móvanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“A estrada EP 6517 Rúa de Silleda, proposta para o cambio de titularidade é unha vía de acceso a núcleos de poboación de vivendas unifamiliares aisladas ou predios desvinculados da funcionalidade vertebradora do territorio propia do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.



Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Silleda poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada de carácter e funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre os mesmos para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Silleda de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.



Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Ambos informes foron emitidos favorablemente en data 25 de setembro e 4 de outubro de 2024 respectivamente.

Polo que antecede e visto o ditame da Comisión Informativa Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Silleda da estrada provincial EP-6517 Rúa de Silleda.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9.5 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

10.8283.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE PARA O MANTENIMENTO DA GRATUIDADE NOS BONOS DE VIAXES DOS TRENS DE MEDIA DISTANCIA DE GALICIA PARA O ANO 2025 E SUCESIVOS (EXPTE. 2024068319)**

Aceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/cC57Sc68srzmNHlugtySCLgWOnNitd2hhH99ScwxwYrMwZwq>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 18 de outubro de 2024, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible para o mantemento da gratuidade nos bonos de viaxes dos trens de Media Distancia de Galicia para o ano 2025 e sucesivos.



Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cidadáns da provincia de Pontevedra, ao igual que do resto de Galicia, están a demostrar nos últimos tempos a súa aposta polo emprego dos sistemas públicos de transporte, nomeadamente o tren e o autobús, polo seu compromiso coa mobilidade sostible e no marco da súa conciencia pola preservación e coidado do noso medio ambiente.

Neste senso, e malia os innumerables problemas que presenta a rede ferroviaria galega como consecuencia dunha xestión que, desde o PP Provincial de Pontevedra, consideramos absolutamente ineficiente por parte do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, o pasado ano batéronse récords no emprego dos trens no noso territorio e este exercicio, á falta da súa conclusión e balance, todo apunta a uns parámetros cando menos similares.

Así, as estacións viguesas de Urzáiz e Guixar contabilizaron, ao peche de 2023, un total de 2.089.884 viaxeiros nos trens de Media Distancia de cobertura rexional, o que supuxo practicamente duplicar os 1,16 millóns de pasaxeiros do exercicio precedente. Ademais, o enclave de Urzáiz alcanzou un incremento do 44%, situándose como o terceiro máis elevado de toda España e que supón unha clara mostra do interese e aposta dos cidadáns por este sistema de transporte.

Nesta mesma liña, a estación da cidade de Pontevedra alcanzou durante todo o pasado ano a cifra de 1,43 millóns de usuarios nos trens de conexión autonómica, elevándose ao 14º posto no conxunto do país, mentres que a de Vilagarcía de Arousa tamén superou os sete díxitos ata rexistrar 1,05 millóns de pasaxeiros nese mesmo período.

Deste xeito, a provincia superou o pasado ano os 4,5 millóns de viaxes nos trens de Media Distancia malia os incontables problemas de falta de prazas, redución de frecuencias, retrasos e avarías dos convois, ou escaseza de persoal, entre outros.



Sen embargo, a comezos do presente mes de outubro o Ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, Óscar Puente, anunciou a súa intención de recurtar os dereitos dos viaxeiros coa próxima eliminación da gratuidade dos bonos nos trens de Media Distancia, que é o único beneficio que teñen os usuarios nunha rede e nun servizo trufado dos constantes problemas xa citados e que o departamento estatal non foi quen, non só de solucionar, senón que levounos a un claro empeoramento nos case doce meses de lexislatura.

O ministro admitiu que a súa intención pasa por suprimir de cara a 2025 a gratuidade do servizo ferroviario de proximidade, co conseguinte prexuízo para centos de miles de pontevedreses, alegando que se trataba dunha medida coiuntural e que o transporte público debía competir e ofrecer aos cidadáns outras cuestións, como confortabilidade, calidade, puntualidade e frecuencias.

Precisamente por isto, desde o PP Provincial de Pontevedra cremos que a gratuidade dos nosos trens de Media Distancia é máis necesaria ca nunca, tanto para axudar ás economías domésticas das familias como para compensar todas esas cuestións das que fala o responsable estatal e que están moi lonxe de ser unha realidade na nosa provincia e no resto de Galicia con eivas insufribles e trastornos para os cidadáns. Dito doutro xeito, sen confortabilidade, calidade, puntualidade e frecuencias –xa que aínda non se recuperaron as que había antes da pandemia na nosa provincia–, desde o PP Provincial de Pontevedra cremos que, polo menos, ten que haber gratuidade universal neste servizo.

Neste senso, desde o PP Provincial de Pontevedra compartimos plenamente a reclamación formulada a comezos deste mesmo mes pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que ten as competencias autonómicas en materia de mobilidade, por medio dunha carta cursada ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible na que se solicita o mantemento da gratuidade nos bonos de viaxes de Media Distancia, así como outras accións orientadas á mellora urxente e xeral da nosa rede ferroviaria.

A permanencia dos bonos gratuítos consideramos que axudaría a manter a actual elevada cifra de usuarios nesta modalidade de transporte público, que se complementa á perfección coa conexión en autobús, tamén con millóns de



usuarios anuais grazas ás importantes bonificacións implantadas pola Xunta de Galicia, e favorecería que non houberse retrocesos na implantación dunha necesaria mobilidade sostible na nosa comunidade ao coadruar á redución da cifra de vehículos privados que circulan diariamente polas estradas do noso territorio.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que aprobe o mantemento da gratuidade dos bonos de viaxes para os trens de Media Distancia para o ano 2025 e sucesivos co propósito de favorecer o avance da mobilidade sostible na provincia de Pontevedra e no resto de Galicia.”

11.8284.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO GOBERNO CENTRAL PARA QUE NON DESMANTELE A SEGURIDADE NA PROVINCIA E SE COMPROMETAN A MANTER A PRESENZA DA GARDA CIVIL EN TODOS OS CUARTEIS DA PROVINCIA (EXPTE. 2024068325)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/gVKSrChcfFCkTiiO7z7jIGN5PBEukTXxzlJ83YuZvicwIay>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 18 de outubro de 2024, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno Central para que non desmantele a seguridade na provincia e se comprometan a manter a presenza da Garda Civil en todos os cuarteis da provincia.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O día 13 de maio de 1844, por Real Decreto de S.M. A Raíña Isabel II, fundouse a Garda Civil. Nos seus 180 anos de historia foron innumerables e extraordinarios os servizos prestados á nosa sociedade. Non en balde, grazas á entrega dos gardas civís, mediante Real Decreto do 4 de outubro de 1929, concedéuselle á Garda Civil a Gran Cruz da Beneficencia, consolidando o título de “Benemérita”, que desde a súa fundación gañouse grazas aos seus numerosos servizos de auxilio e axuda á poboación en toda clase de catástrofes e desgrazas.

Desde a súa creación, os seus homes, e desde fai máis de trinta anos as súas mulleres, foron garantes da seguridade pública, protexendo os nosos camiños e estradas, pobos e cidades, permitindo, en fin, que os cidadáns podamos exercer os nosos dereitos e liberdades con paz e seguridade.

É por iso necesario dar recoñecemento desde as institucións ao gran labor que realizan os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado en todo o territorio, esixindo para eles as dotacións e os medios que garantan a eficacia do seu labor.

A Garda Civil, os gardas civís, son depositarios de valores que quizais nos nosos días poderíamos pensar que están en retroceso e mesmo en desuso pero que, con todo, eles cultivan cada día como unha parte fundamental do seu acervo: a honra, a súa principal divisa, que preservan como o maior tesouro da súa profesionalidade, porque unha vez perdido, non se recupera xamais.

A lealdade, a disciplina, a entrega e o sacrificio, entregando se fose necesario, ata a última pinga do seu sangue polos demais, como demostraron en miles de ocasións ao longo da súa historia. Valores que fixeron que a Garda Civil sexa a Institución máis valorada polo conxunto da nosa sociedade e un corpo policial eficaz e de referencia en todas as ordes a nivel internacional.

Os seus homes e mulleres contribúen hoxe en España a garantir a nosa liberdade, a nosa seguridade e o exercicio dos dereitos constitucionais que como cidadáns correspónden nos. A Garda Civil exerce as súas misións e funcións a través de diferentes Unidades e especialidades, sendo todas elas necesarias para o eficaz desenvolvemento dos seus labores no seu conxunto e



en harmonía e colaboración con outros corpos policiais e o resto de Unidades da Garda Civil de España.

O Goberno debe defender a presenza da Garda Civil, un dos corpos policiais máis preparados e modernos do mundo e que cumpre con honra a misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade nas nosas rúas, estradas, camiños, pobos, de aí a necesidade de apoiar a súa permanencia en todos os pobos e rexións de España e especialmente na España Rural pois o seu coñecemento do terreo e da sociedade da que forman parte é o mellor expoñente para garantir a seguridade nestas zonas despoboadas.

A Garda Civil na Comunidade Autónoma de Galicia é responsable da seguridade cidadá de 300 dos 313 municipios da provincia, un 95,54% do total.

A Zona da Garda Civil de Galicia está formada polas Comandancias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, cun total de 166 Postos, deles 16 principais, 142 ordinarios e 8 auxiliares, distribuídos en: Comandancia da Coruña conta con 51 Postos, a Comandancia de Lugo con 48, a Comandancia de Ourense con 33 e a Comandancia de Pontevedra con 33.

A Comandancia de Pontevedra distribúese en 5 Compañías, 5 Patrullas Fiscais e de Fronteiras (PAFIFs), 6 postos principais e 33 postos da Garda Civil, e conta coas especialidades de Policía Xudicial, Información, Tráfico, Cinolóxico, Fronteiras e Fiscal, entre outras, ademais de grupos do Seprona e de Intervención de Armas.

Dos 1.683 axentes de Garda Civil no catálogo para a provincia de Pontevedra soamente atópanse ocupados 1.555.

Faltarían por tanto 283 axentes, 128 prazas vacantes aos que habería que sumar 155 de baixa, para completar o catálogo que ten aprobado a provincia de Pontevedra. Igualmente, tamén está incompleto o catálogo de efectivos en reserva.

É necesario traballar para que as oportunidades cheguen tanto a grandes cidades como a aqueles lugares máis apartados, a eses municipios máis



pequenos onde viven e queren seguir vivindo moitos españois, e estamos convencidos de que un dos piares básicos nos que deben sustentarse as medidas para frear o despoboamento pasa por ter uns niveis de seguridade óptimos que garantan a liberdade dos cidadáns así como o establecemento de infraestruturas e desenvolvemento empresarial.

As Administracións Locais están a demandar máis seguridade para os seus pobos e máxime cando moitos dos concellos non contan con Policía Local propia.

Segundo os recentes datos publicados polo Ministerio do Interior o segundo trimestre do ano 2024 pechou na provincia de Pontevedra cun aumento de delitos, fundamentalmente de índole sexual do 39%, de cibercriminalidad do 12.8% e de roubos con forza en domicilios do 11%.

Desde o Goberno de España está a producirse un desmantelamento da seguridade nas zonas rurais e que afecta á nosa provincia de Pontevedra.

Segundo resposta do Goberno do mes de novembro do ano 2023, os Cuarteis da provincia de Pontevedra só terán atención ao público presencial das 9:00 ás 14:00. “fóra dese horario a prestación do servizo mantense mediante internet, por vía telefónica ou pola aplicación AlerCorps”.

De feito, dos 33 postos da Garda civil da provincia, só 7 permanecerán abertos as 24 horas, segundo datos do Ministerio do Interior. (Ponteareas, Porriño, Baiona-Nigrán, Cangas do Morrazo, Cambados Sanxenxo e Lalín), o resto permanecerán pechados a partir das 14:00 e algúns non abrirán todos os días.

Por outra banda, o Goberno a través da Orde Xeral 25/2023, do 28 de decembro, sobre as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



1. Esixir ao Goberno central que apoie e recoñeza o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os Cuarteis da Garda Civil na provincia de Pontevedra, dotándoa de máis medios persoais e materiais.
2. Colaborar cos Concellos da provincia de Pontevedra no mantemento da seguridade cidadá.
3. Proceder á atención presencial dos pontevedreses nos Cuarteis da provincia de Pontevedra as 24 horas do día.
4. Non proceder ao peche de ningún posto na provincia de Pontevedra.
5. Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas zonas que carecen de Policía Local.
6. Ocupar as prazas totais que aparecen no catálogo de postos de traballo para a provincia de Pontevedra e que están libres na actualidade.
7. Elaborar un plan de incentivos profesionais e económicos para que os axentes queiran ocupar os postos de baixa demanda do medio rural.
8. Utilizar urxentemente as vacantes do persoal en reserva sen destino, para dotar de máis axentes á provincia de Pontevedra.

12.8285.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE RECLAME DA XUNTA DE GALICIA A ASUMIR O FINANCIAMENTO APORTADO POLOS CONCELLOS QUE SE LLE OBRIGOU A ASUMIR CA IMPLANTACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTES, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPTE. 2024068328)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/QFvCLGWBclhY2jOzQgv39YuSRUdlGiE8UYzsymExgWXshZHb>



O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que reclame da Xunta de Galicia a asumir o financiamento aportado polos concellos que se lle obrigou a asumir ca implantación do Plan de transportes e outros acordos complementarios.

13.8286.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A RECUPERACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO SMARTPEME (EXPTES. 2024068326-2024069259)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/nNDKvBaRxe1CEYJHe3dUzBR9ll6NvnKDv32pMohj0vqp6qqD>

Retírase polo Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) Moción para esixir da Deputación a recuperación do servizo de asesoramento Smartpeme.

14.8287.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/Vtuk8KYhPcBtyzmnMsj9ddZHhbpXcFRXRDLGlfKvU8jmmA4x>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

15.8288.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE SETEMBRO DE 2024 (EXPTES. 2024068016 – 2024066460)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/L98CgUIynNrd3r57cg5DY5GgOzYKA4uIsxjJ7IgxREOaGkY6>



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de setembro de 2024, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 7 de outubro de 2024, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de setembro de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES SETEMBRO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Setembro	7,9300601045	5.276.352,61	7,0396265191	916.460,26	7,7982868680



Escola de Enfermería	Setembro	13,1734837800	170,16	0,0000000000	0,00	13,1734837800
Consortio de Incendios e Salvamento	Setembro	14,6203094250	12.916,86	4,7220476495	2.253,12	13,1501709297
Consortio Deza e Tabeirós	Setembro	5,0642444200	2.899,24	1,5237479100	2.396,00	3,4622340035
TOTAL			5.292.338,87		921.109,38	7,8078052827

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

16.8289.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE DE 2024 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2024068038-2024067133)**



Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal:443/s/OWG4eaIrwC4HEMupWi8VEqyxemalmoT eOGVzQtipVUmhWZx>

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 3º trimestre de 2024 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 15 de outubro de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

